



NARÓN

Datos do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - PMTD	
Número expediente:	Documento:
CON/108/2017	CON12I1E0
5J5A0L2H4H120X2808SL	

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

O Xefe de Servizos Externos mediante informe de data 10 de outubro de 2018 xustificou a necesidade e idoneidade da contratación da actuación incluída no Plan único de Concellos POS+ 2018 do subministro denominado “Mellora de eficiencia enerxética no alumeado do Alto do Castiñeiro”, documento no que se deixa constancia entre outros, dos seguintes extremos:

1. Obxecto.- Dentro dos obxectivos do Concello de Narón está a mellora da eficiencia enerxética nas instalacións e dependencias do mesmo, que redunden nun aforro enerxético e económico, a maiores dunha menor repercusión medioambiental pola produción de enerxía. Nos alumeados públicos, estas actuacións pasan por actualizar as instalacións existentes implementando a instalación de novos equipamentos de tecnoloxía LED de menor potencia que os existentes, e suprimindo puntos de luz innecesarios coa nova iluminación.

Este tipo de actuacións xa se veñen desenvolvendo nos últimos anos, con resultados moi satisfactorios, tanto nas prestacións técnicas como nos consumos enerxéticos.

2. Necesidade.- Son seleccionadas varias rúas do barrio do Alto do Castiñeiro, pertencentes a dous centros de mando de alumeado público. Os criterios de selección baséanse no consumo actual, o estado das instalacións existentes e a necesidade de mellorar o confort lumínico. As actuacións, entre outras intervencións menores, constarán de substituír 209 luminarias de vapor de sodio por luminarias de tecnoloxía Led.



NARÓN

O prazo de execución deste subministro é de 90 días naturais.

Polo exposto e de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público esta alcaldía vén RESOLVER:

PRIMEIRO.- Que se inicie o procedemento de adxudicación do contrato denominado “Mellora de eficiencia enerxética no alumado do Alto do Castiñeiro”, actuación incluída no Plan único de Concellos POS+ 2018.

SEGUNDO.- Que se emitan os informes legalmente establecidos e se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares e se incorporen os pregos de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o procedemento de adxudicación.

TERCEIRO.- Que o secretario xeral emita o preceptivo informe sobre a adecuación á lexislación vixente do expediente e que a interventora realice informe de fiscalización previa.

*Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)*